

Recomendación dirixida ao Concello de Culleredo para que impulse as actuacións necesarias, a fin de resolver os procedementos en trámite respecto das fincas referidas na queixa.

Expediente: N.9.Q/ 1983/22

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.-No escrito de queixa o reclamante, esencialmente, pon de manifesto o seguinte:

O motivo do escrito é presentar os feitos que están a acontecer nas Rúas XXX e XXX de Culleredo. Dende hai anos estanse a presentar periodicamente escritos no Concello de Culleredo para que se teña coñecemento e se solucione o problema das masas vexetais incontroladas nos arredores destas rúas como di a Lei 3/2007 de Medio Rural, sen ter recibido resposta formal por parte deste ente decidiuse escribir a Consellería de Medio Rural, a cal abriu dilixencias previas e o notificou ao presentador do escrito.

Posteriormente sen ter maior coñecemento de novas nin polo concello nin pola consellería, presentouse unha queixa que foi delegada, tralo paso do tempo hai uns días presentouse unha nova queixa que volveu a ser delegada.

Co medo de que neste verán, as masas vexetais existentes provoquen un lume, continuamos, neste vecindario, á espera de accións polos problemas coñecidos e non atendidos por ningunha personalidade administrativa.

SEGUNDO.-A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que nos remitiu informe elaborado pola enxeñeira técnica da área de medio ambiente do concello, no que se pon de manifesto o seguinte:

"Que a solicitude presentada neste Concello por XXX, con número de rexistro XXX de data 6/08/2021 incorporouse o día 18/08/2021 ao expediente que nese momento se atopaba en tramitación co código XXX (cod.doc.XXX).

O citado expediente contaba xa co informe emitido o día 16/08/2021 pola técnica que subscribe (cod.doc.XXX) no que se poñía en coñecemento do xefe do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras que os terreos localizados na rúa XXX nº XXX, con referencia catastral XXX, incumpren a normativa en materia de xestión da biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros arredor de vivendas así como por presenza de especies arbóreas incluídas na disposición adicional terceira da lei 3/2007 na mesma franxa.

Consta informe sobre a titularidade dos terreos XXX, emitido o día 20/08/2021 polo xefe do Servizo de Economía e Facenda.

O día 26/08/2021 o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras rexeita a firma da comunicación de obriga de limpeza aos titulares polo que non se continuaron os trámites no citado expediente (cod.doc XXX).

O motivo do rexeitamento foi o seguinte; "faltan fotografías que permitan a este técnico comprobar la existencia de un riesgo ciertop ara personas y bienes".

Este expediente non foi retomado pola xefatura de servizo aínda contando o mesmo cunha comunicación do xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (cod.doc.XXX) sobre competencias na execución subsidiaria da xestión da biomasa nos terreos con referencia catastral XXX, conforme a Lei 3/2007 de 9 de abril de Incendios Forestais, na que se incorpora informe da Unidade do Corpo Nacional de Policía, adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia emitido en dato 19/07/2021, sendo estes terreos estremeiros con vivendas e no mesmo ámbito que os terreos polos que se iniciaron os trámites.

Vistas as reclamacións e que a situación dos terreos na franxa de 50 metros a vivendas é cada vez máis preocupante e tendo en conta que o criterio da técnica que subscribe segue a ser o mesmo que o exposto no informe de 16/08/2021, proporase ao concelleiro de Medio Ambiente, Servizos e Obras a apertura deste expediente incorporando ao mesmo todos os terreos que se atopen no ámbito das redes secundarias das faixas de xestión na rúa XXX e rúa XXX".

TERCEIRO.-Postos en contacto telefónico co Departamento de Medio Ambiente dese concello, infórmannos que, con posterioridade á data de recepción nesta institución do referido informe (12 de xullo de 2022), xa se fixeron e estanse a facer actuacións en relación con este expediente.

CUARTO.-Tendo en conta o exposto, con data 7 de decembro de 2022, solicitamos dese concello, que nos informara, das actuacións levadas a cabo con posterioridade ao recibo nesta institución do xa citado informe (12 de xullo de 2022) así como ao estado actual de tramitación no que se atopa o expediente, información que xa nola remitiu e na que se pon de manifesto o seguinte:

Que os trámites levados a cabo con posterioridade ao 12/07/2022 son os seguintes:

1.En data 25/10/2022 realízase visita para comprobar o estado dos terreos co obxecto de poder comunicar aos titulares dos terreos cun informe actualizado, levantándose acta na que se constata que o incumprimento da normativa en materia de xestión da biomasa vexetal continúa por presenza de plantación forestais prohibidas a menos de 50 metros das vivendas.

2.En data 27/10/2022 notificouse ao responsable (titular dos terreos) da execución dos traballos de tala e roza nos terreos con referencia catastral XXX (consta recibí asinado por familiar en data 4/11/2022) concedéndolle un prazo de 30 días naturais.

3.Vencido o prazo concedido para a execución dos traballos solicítase unha nova inspección ao servizo de emerxencias co obxecto de comprobar se o titular dos terreos cumpriu co requirimento de limpeza e tala.

Nesta visita e tras varias entrevistas co denunciante detéctase a non coincidencia do denunciado coa realidade física dos terreos xa que a parcela denunciada inicialmente XXX que no 2019 contaba cunha superficie de 9.238,00m² na actualidade ten 1.491,00m² e a superficie restante correspondese coa parcela XXX (7.747m²).

Tendo en conta o sinalado no parágrafo anterior e vista a última acta de comprobación de data 17/01/2023 na que se informa de que as dúas parcelas incumpren a normativa, os seguintes trámites pendentes de realizar no expediente XXX son:

·Emitir o correspondente informe-proposta para inicio de execución subsidiaria e iniciar as actuacións para o cobramento da cantidade a liquidar provisionalmente para os terreos con referencia catastral XXX.

·Identificar aos titulares dos terreos XXX e proceder a realizar a oportuna comunicación de obriga de xestión da biomasa vexetal nos terreos ubicados na rede secundaria de faixas de xestión segundo o establecido na Lei 3/2007.

Tendo en conta o exposto cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.-As actuacións administrativas, e polo tanto a tramitación dos expedientes, están sometidas aos principio de eficacia e celeridade (artigo 103 da Constitución).

O principio de eficacia esixe das Administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade demanda, entre elas o deber de resolver expresamente as solicitudes e reclamacións, xa que o coñecemento da fundamentación das resolucións é presuposto inescusable para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

O principio de celeridade impón á Administración o seu impulso de oficio polo titular da unidade administrativa encargada, que debe adoptar as medidas necesarias para evitar toda anormalidade ou retraso.

A tal efecto, cómpre sinalar que a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas recolle que o procedemento administrativo está sometido ao principio de celeridade, razón pola que se impulsará de oficio nos seus trámites e por medios electrónicos, respectando os principios de transparencia e publicidade.

No despacho, na tramitación, dos expedientes deberá gardarse a orde rigorosa de incoación en asuntos da mesma natureza, excepto que o titular da unidade administrativa ordene motivadamente o contrario, do cal deberá quedar constancia.

O incumprimento do mencionado dará lugar a responsabilidade disciplinaria do infractor, sendo causa de remoción do seu posto de traballo.

As persoas que estean designadas como órgano instrutor ou os titulares das unidades administrativas que ostenten esa función serán responsables directos no procedemento, da súa tramitación e especialmente do cumprimento dos prazos establecidos

SEGUNDA.-Nesta expediente debemos reparar no retraso no que incorre esa administración municipal, pois segundo consta na información remitida, a solicitude presentada polo reclamante no concello é de data 6 de agosto de 2021 e foi incorporado con data 18 de agosto de 2021 ao expediente que nese momento se atopaba en tramitación co códigoXXX , se ben na data 17 de xaneiro de 2023, data da última acta de comprobación, aínda hai trámites por realizar:

1º.-Emitir o correspondente informe-proposta para inicio de execución subsidiaria e iniciar as actuacións para o cobro da cantidade a liquidar provisionalmente para os terreos con referencia catastral XXX.

2º.-Identificar os titulares dos terreos XXX e proceder a realizar a oportuna comunicación de obriga de xestión da biomasa vexetal.

Por todo o exposto e en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, é necesario facer chegar a ese Concello de Culleredo a seguinte:

RECOMENDACIÓN

Impulsar as actuacións necesarias, de acordo aos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, a fin de resolver os procedementos en trámite respecto das fincas con referencia catastral XXX e XXX.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas



causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)